

# INVESTIGADORAS GALEGAS

IOLANDA CASAL



**GCG**  
130 ANOS  
GRUPOCORREOGALLEGO

**Edita**  
Editorial Compostela, S.A.

**Colabora**  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

© **Textos**  
Iolanda Casal

© **Fotos**  
Grupo Correo Gallego

© **Fotos arquivo persoal**  
Ana Gago, Mar Capeáns e Susana Martínez Conde

**Deseño, maquetación e revisión lingüística**  
Edicións Correo, S.A.U.

Prohibida a reprodución total ou parcial deste libro sen permiso expreso do editor

Dep. Legal: C 4510-2007

# Índice

	Pág.		Pág.
Agra Romero, María Xosé .....	10	González Bello, Concepción .....	60
Alonso Betanzos, Amparo .....	12	González Fernández, África .....	62
Alonso Fernández, María José .....	14	Guisán Seijas María, Carmen .....	64
Alvarez Blanco, Rosario .....	16	Herrero López, Concepción .....	66
Bermejo Barrera, Pilar .....	18	Lareu Huidobro, María Victoria .....	68
Brea López María, Mercedes .....	20	Ledo Andión, Margarita .....	70
Cagiao Vilar, Pilar .....	22	León Fong, Betty Mireya .....	72
Capeáns Garrido, Mar .....	24	López Agüera, Ángeles .....	74
Carballas Fernández, Tarsy .....	26	López Poza, Sagrario .....	76
Castro Cerceda, Marisa .....	28	Loureiro García, María luz .....	78
Cortina Gil, Dolores .....	30	Loza García, María Isabel .....	80
Del Río Otero, Coral .....	32	Malvar Pintos, Rosa Ana .....	82
Estévez Toranzo, Alicia .....	34	Martínez Conde, Susana .....	84
Fanego Lema, Teresa .....	36	Méndez Felpeto, Josefina .....	86
Fariña Rivera, Francisca .....	38	Paz Andrade, Inmaculada .....	88
Fernández Fernández, Dolores Esther .....	40	Pérez meirás, dolores .....	90
Fernández Pérez, Josefa .....	42	Rey Castelao, Ofelia .....	92
Fernández Pérez, Milagros .....	44	Rodríguez Brisaboa, Nieves .....	94
Fernández Reiriz, María José .....	46	Rodríguez Galdó, María Xosé .....	96
Fernández Ríos, Aida .....	48	Sánchez Piñón, Laura .....	98
Gago Martínez, Ana .....	50	Vázquez Otero, María Elsa .....	100
García Gil, Soledad .....	52	Veiga Barbazán, María del Carmen .....	102
García Mateo, Carmen .....	54	Villarino Pérez, Montserrat .....	104
García Negro, Carmo .....	56	Wonenburger Planells, María Josefa .....	106
García Rubio, María Paz .....	58	Yebra-Pimentel Vilar, Eva .....	108

## María Xosé Agra Romero

- Catedrática de Filosofía Moral
- Coordinadora do Grupo de Investigación de Xustiza e Igualdade
- Universidade de Santiago de Compostela

**María Xosé Agra** (Santiago, 1956) licenciouse en Filosofía na USC, a universidade á que permaneceu sempre vencellada. A súa tese, premio extraordinario, dedicouna a John Rawls, o pai da teoría da xustiza contemporánea, un dos seus campos de traballo dende aquela. A profesora, catedrática de Filosofía Moral no Departamento de Lóxica e Filosofía Moral da Facultade de Filosofía compostelá, tamén foi a primeira en Galicia en abrirse ao mundo do feminismo dende unha óptica filosófica, que se converteu nunha perspectiva indisoluble en todo o seu traballo. É fundadora da Área de Pensamento Filosófico do Seminario de Estudos Galegos e secretaria da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, a continuidade da Comisión Técnica de Xénero, que dirixira dende 2005. A profesora é así mesmo asesora de diversas revistas de filosofía.

**M**aría Xosé Agra Romero comezou no ano 1974 a estudar na que foi a primeira promoción da Facultade de Filosofía de Santiago, atraída por unha disciplina que no instituto tivo a sorte de coñecer a través de Gonzalo Anaya. "Foi un profesor moi importante para moita xente. A min deume un ano clases e dalgunha maneira tamén me marcou", lembra.

O seu compromiso e as súas inquedanzas políticas de seguro que tamén tiveron que ver na escolla da carreira nun momen-



to no que a universidade vivía con intensidade os estertores do franquismo e comezaba a albiscar a democracia. "Discutíamos moito, estudabamos o que nos mandaban, pero logo tamén traballabamos pola nosa conta os textos filosóficos que nos interesaban. O daqueles anos era un ambiente que non tiña nada que ver coa universidade de hoxe. Eramos apenas dez persoas na clase e a todos nos apaixonaba a filosofía. E non tiñamos ese apuro que ves agora na xente nova, que dende que entra na facultade está pensando que vai facer ao se licenciar", compara Agra.

Así que se accedeu a unha axudantía ao rematar a carreira, pouco despois de ser nai do seu primeiro fillo, foi un pouco por casualidade, unha casualidade que, iso si, marcou o inicio dunha carreira na que soubo xuntar o seu compromiso persoal co académico.

A tese dedicouna á teoría da xustiza de

- Dedicoulle a súa tese á teoría da xustiza de John Rawls cando esta apenas era coñecida neste país

- A partir de 1986 conectou co que empezaba a ser o feminismo académico anglosaxón

- Hoxe, filosofía moral e feminismo non se poden dissociar nos seus traballos sobre multiculturalismo ou cidadanía

- Agra traballa co grupo de estudos de xénero que Celia Amorós ten na UNED

John Rawls, cando este autor, que sentou as bases da filosofía política anglosaxona, era apenas coñecido neste país. O seu traballo valeulle en 1984 o premio extraordinario de doutorado e dende ese momento a xustiza social e a política son unha constante na súa investigación, dentro do Departamento de Lóxica e Filosofía Moral da USC.

"A filosofía política reflexiona sobre a política e os problemas que esta atopa en cada momento, non tanto no eido institucional como nos conceptos fundamentais. Consiste en aplicar lentes filosóficas á reflexión sobre como queremos vivir e organizarnos. Son preguntas que levan á propia autoconstitución da política, que pode ter distintas formas de expresarse. Esas reflexións canalízanse nos debates a través de problemas e conceptos fundamentais, como son, nos últimos trinta anos, o de xustiza, logo o de cidadanía, o multiculturalismo ou os

temas de democracia e globalización. Hai que pensar que a filosofía e a democracia naceron xuntas en Grecia”, explica.

Dende hai anos, María Xosé Agra compaxina e interconecta esta liña de traballo coa do feminismo no ámbito académico, co que de sempre mantivo un compromiso vital.

“Unha vez conseguida a titularidade, no ano 1986, contactei co que empezaba a ser o feminismo académico anglosaxón e a partir de 1989, co español, xa que tamén había nel un campo de traballo no terreo da filosofía moral e política moi importante. Así que dalgunha maneira conectei a vida e o pensamento tamén por esa liña. Pero na miña carreira tiveron que demostrar antes que tiña algo que dicir na filosofía política para que me respectasen tamén no outro campo”, confesa.

Hoxe, filosofía moral e feminismo non se poden dissociar nos seus traballos sobre multiculturalismo ou cidadanía. “Sempre manteño ese dobre enfoque, un máis desde a perspectiva á que se enfrenta a sociedade no seu conxunto e outro máis en particular desde a das mulleres, pero esa perspectiva non é algo que poidas deixar unha vez que a asumes, forma parte irremediabilmente do marco no que pensas”, engade.

“Ante conceptos como o de cidadanía non hai que esquecer, por exemplo, que parten dun nesgo sexista. Na Grecia clásica foi un concepto que se construíu excluindo as mulleres, ao igual que a todos os escravos e os estranxeiros. E hoxe, na cidadanía do estado do benestar o que dá dereito aos bens e dereitos sociais é o traballo pagado, fóra da casa, e iso exclúe de novo moitas mulleres”, ilustra a profesora.

O pensamento ecolóxico é, aínda que en menor medida, outra das liñas que desenvolve. Non en van, o concepto de natureza -apunta- é, xunto a outros como os de xéne-



ro, etnia ou clase, un dos eixes sobre os que está a cambiar o xeito de pensar na modernidade.

María Xosé Agra ten coordinado proxectos de investigación financiados pola Xunta e polo Goberno central sobre a problemática de xénero no poder ou na cultura; as achegas da crítica feminista á teoría social ou a revisión das teorías da xustiza. Na actualidade traballa estreitamente co grupo de Celia Amorós, da Universidade Nacional a

**“Na cidadanía do estado do benestar o que dá dereito aos bens e dereitos sociais é o traballo pagado, e iso exclúe de novo moitas mulleres”**

Distancia (UNED), que integra diversos grupos de estudos de xénero de todo o Estado; así como nun proxecto, coordinado por Rita Radl, que trata de desenvolver unha análise sociolóxica sobre a socialización en función de xénero e en relación cos medios de comunicación e a violencia que se exerce contra as mulleres.

Pero máis alá dos proxectos subvencionados, a catedrática encara con ilusión a formación dun novo seminario de discusión co alumnado de terceiro ciclo para lle dar a coñecer á xente nova os textos fundamentais da filosofía feminista. Para ela esta é a clave para espallar este pensamento máis alá do cerco da facultade. “Esta forma de funcionar é moi interesante. Así se formaron moitas alumnas que fixeron as súas teses e que hoxe están traballando en institutos ou noutros lugares”, di. Entre elas, destaca a tese de Carme Adán, pioneira en todo o Estado en abordar as relacións entre coñecemento e xénero.

En total, María Xosé Agra dirixiu seis teses doutorais e suma unhas 40 publicacións en revistas e libros.

Xa fóra do eido universitario, é fundadora da Área de Pensamento Filosófico do Seminario de Estudos Galegos, secretaria da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega dende xuño de 2007 e membro dos consellos científicos de diversas revistas de pensamento filosófico.